

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 7 DE MAIO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), ás 18.04 h do 07.05.2015, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Punte, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 09.04.2015

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que fai a seguinte observación:

- Na páxina 35, onde di: "... é certo en sentido figurado que a ordenanza son tres, pero se entra a isto ...", debe dicir: "... é certo en sentido figurado que a ordenanza son tres follas, pero se entra a isto ...".

Ao non haber máis observacións, o alcalde declara aprobada a acta da sesión ordinaria do 09.04.2015 coa observación que se fixo.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 268/2015 á 358/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta da liquidación do orzamento do 2014

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta da remisión do orzamento do 2014 prorrogado ao 2015 segundo o artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 2/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 27.04.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 2/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 02/2015 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 26442.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
342/63201	Instalacións deportivas. Obras de reparación en edificios	26442.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX.

2º.- Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 2/2015 con RTGX por importe de 26442.00 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 22 de abril de 2015.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que o expediente se tramita para o financiamento dunha serie de deficiencias e do grupo electróxico da piscina municipal.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende que é unha obra necesaria e que a xestión do orzamento lle corresponde ao goberno polo que o seu grupo absterase para facilitar a súa aprobación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que igual que xa dixo na Comisión de Facenda trátase de obras que están xustificadas e o seu grupo absterase para que se poida aprobar.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que seguindo a mesma liña vaise abster.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Aprobar o expediente nº 02/2015 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 26442.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
342/63201	Instalacións deportivas. Obras de reparación en edificios	26442.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX.

2. Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 2/2015 con RTGX por importe de 26442.00 €.

3. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

6. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 4/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 27.04.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 4/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 4/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe global de 37518.54 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
-------------	-------------	----------	-------------

453/61900	C18	Obras PEIM 2014-2015	1476.81
1532/61900	PEC15	Obras pavimentación R/Alcalde Xerardo Díaz, nº 15 a 37	35000.00
453/61900	C10	Obras Pavimentación R/Alcalde XErardo Díaz	1041.73

O importe total da modificación proposta ascende a 37518.54€.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 22 de abril de 2015.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que este suplemento faise co remanente de tesourería e o seu destino divídese en tres partes, unha para completar a segunda fase da pavimentación da rúa Alcalde Xerardo Díaz, outra para a dirección facultativa desta obra e a terceira para o proxecto do PEIM.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que igual que no punto anterior considera que son obras necesarias e o seu voto será a abstención para favorecer a súa aprobación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que, igual que antes, absteranse para favorecer a súa aprobación

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o seu voto será a abstención.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Aprobar o expediente nº 4/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe global de 37518.54 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	C18	Obras PEIM 2014-2015	1476.81
1532/61900	PEC15	Obras pavimentación R/Alcalde Xerardo Díaz, nº 15 a 37	35000.00
453/61900	C10	Obras Pavimentación R/Alcalde Xerardo Díaz	1041.73

O importe total da modificación proposta ascende a 37518.54€.

2. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

7. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 5/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 27.04.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito nº 5/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 05/2015 de suplemento de crédito financiado con novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola DEputación Provincial ó abeiro do Plan de Aforro e Investimentos (PAI) por un importe global de 229618.49 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLIC. ORZ.	COD. PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
1532/61900	PAI15	Obras de reparación R/Canabal e Maroño (Fene) e Obras de pavimentación en San Valentín entre os bloques I e II (Perlío)	179976.20
011/91311	PAI15	Amortización anticipada préstamo BBVA 2010	49642.29

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo a novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola Deputación Provincial de A Coruña ó abeiro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 por un importe de 229618.49 €.

2º.- Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 5/2015 con novos ingresos procedentes de préstamo por importe de 229618.49 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora

das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 22 de abril de 2015.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que este suplemento serve para incorporar ao orzamento os cartos procedentes do PAI da Deputación e dedicalos a investimento segundo se detalla na proposta da Alcaldía.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que cos mesmos argumentos vanse abster.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se absterán.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se vai abster.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Aprobar o expediente nº 05/2015 de suplemento de crédito financiado con novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola Deputación Provincial ó abeiro do Plan de Aforro e Investimentos (PAI) por un importe global de 229618.49 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLIC. ORZ.	COD. PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
1532/61900	PAI15	Obras de reparación R/Canabal e Maroño (Fene) e Obras de pavimentación en San Valentín entre os bloques I e II (Perlío)	179976.20
011/91311	PAI15	Amortización anticipada préstamo BBVA 2010	49642.29

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo a novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola Deputación Provincial de A Coruña ó abeiro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 por un importe de 229618.49 €.

2. Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 5/2015 con novos ingresos procedentes de préstamo por importe de 229618.49 €.

3. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no

BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4. O expediente entenderase definitivamente aprobado ,unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, enténdéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

8. Aprobación, se procede, da modificación das bases de execución do orzamento 2014 prorrogado ao 2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 27.04.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Logo de ver a proposta de modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014 , prorrogado asinada pola Concelleira Dona Rocío Bértoa Ponte que se une ó presente expediente.

Pola Intervención municipal emitíuse informe favorable con data de 22/04/2015.

Por todo o anterior, esta Alcaldía presenta a seguinte proposta de acordo ó Pleno da Corporacion para que, previo o dictamen da Comisión de Facenda, se proceda á adopción dos seguintes acordos:

1º Proceder á modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014, prorrogado determinando as subvencións nominativas máis significativas a asociacións e entidades que fomentan actividades de utilidade pública ou interese social entre os vecinos do concello neste exercicio 2015.

Como consecuencia da modificación citada, o Anexo I quedaría co seguinte contido:

RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

1º Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/324/489.01, abonaranse, como máximo, as seguintes cantidades

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
-ANPA CEIP Centieiras (G15280647)	1.973,00	Mantemento comedor escolar, curso 2014-2015

2º Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/334/48900, abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
- A VV Magalofes (G15150410)	1.000,00	Organización festa do potro 2015
-AVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)	1000,00	Organización festa da orella 2015
-Asociación Cultural Felicia (G15806037)	5.000,00	Organización Felipop 2015
-CMI Unidade De Fene (G15040033)	1000,00	Oganización Premio Pérez Parallé 2015
-Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene (G15136690)	4.000,00	Organización xuntanza gaiteiros 2015
- O Pote de Maniños (G15088453)	500,00	
- CRD O Pote Maniños (G15088453)	3000,00	Organización festa ameixa 2015
-ACDR Liga de Amigos Barallobre (G15108574)	10000.00	Organización romaría do Pote 2015
		Organización romaría o Camiñante descoñecido 2015

3º Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/341/489.00 abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBJETO
- Club Escudería Scratch de Fene (G15984321)	2000,00 €	Organización Slalom Fene ,2015

4º Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/231/489.00 abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBJETO
-Asociación de Pais de nenos con problemas psico-sociais ASPANES (G15036064)	2.500,00 €	Mantemento e funcionamento asociación ano 2015
-Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (R1500053B)	8000,00 €	Actividades de interese social: reforzo personas desfavorecidas do concello

2º Ordenar a publicación no BOP por prazo de quince días hábiles da modificación citada de maneira que durante dito prazo os interesados poidan examinar a documentación e presentar as reclamacións ante o Pleno. Para o caso de que non se houberan presentado reclamacións durante dito prazo, entenderase aprobado definitivamente a modificación, noutro caso o Pleno disporá do prazo dun mes para a súa resolución.

Fene, a 22/04/2015
O Alcalde
Gumersindo P. Galego FEal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase, como todos os anos, de modificar as bases para que se poidan executar as subvencións correspondentes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non ten nada que alegar en relación ás subvencións das asociacións e entidades agás preguntar, para que non pase o do ano pasado, se esta vez si se consultaron a todas as entidades para saber se van facer as súas actividades ou non, para que a seguinte Corporación non teña que estar a corrixir cousas ou se vai aprobar igual que o ano pasado.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa dixo na Comisión que pensaban que este asunto debía quedar para a vindeira Corporación. Di que o seu grupo falou con todas as entidades e sociedades implicadas e ningunha delas coñecía que isto viña ao Pleno, por iso pide que se retire o asunto para podelo tratar con calma e falado coas sociedades, pois hai algunhas que non saben se van continuar ou non ou non saben as actividades que van a facer. Non obstante, para que non se diga que o BNG non quere aprobar as subvencións das asociación vansen abster, pero pensa que hai erros nesta relación e reitera que se retire o punto da orde do día e que se traia máis adiante.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que secunda a proposta que fai o BNG, sobre todo porque hai tempo suficiente para facelo porque as actividades, normalmente, son para logo do verán, comezando en outubro. Para que o goberno non diga que as cousas non se fan porque a oposición non lle deixa, se non se retira este asunto, vaise abster para facilitar a súa aprobación.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que este punto vén precisamente a este último pleno ordinario cunha aprobación das sociedades, se ben é certo que hai algunha sociedade que cambiou de directiva, este tema comezouse a falar a comezos de ano. Se algunha nova directiva non quere asumir o que viña organizando a directiva anterior pode ser que se teña que subsanar, pero o obxecto de que veña hoxe é que se incorporan novas subvencións e se recuperan outras, como pasou o ano pasado co Fene Rock que logo de aprobado o orzamento chegou a un acordo de colaboración co Concello con parte da programación cultural. Se o

gobierno trae esta proposta ao Pleno é precisamente pola insistencia das sociedades que queren ver reflexado nun papel os compromisos municipais. Por todo isto non se vai retirar o asunto.

Auséntase a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, cando son as 18.12 h.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o que afirma a concelleira de Cultura non coincide exactamente co que o seu grupo coñece pois hai entidades coas que non se falou. Sorpréndelle a resposta da concelleira e pensa que o máis coherente é optar pola proposta do voceiro do grupo municipal do BNG de retirar o asunto. Non obstante se non é así absteranse, pero tendo claro que se isto vai traer problemas no futuro a responsabilidade é de quen fai propostas sen falar con todos os interesados.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que insiste no dito, di que el persoalmente falou con estas sociedades que lle dixeron que non tiñan esta información e insiste en que hai erros materiais considerables, porque hai sociedades que van recibir unha subvención que multiplica por dez o que recibiron o ano pasado e non saben nada disto. Por iso pide que se retire o asunto.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que subscribe todo o dito.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que non dixo en ningún momento que falara con todas as entidades. Moitas viñeron falar con eles e di que algunhas quedan coa mesma subvención e outras incrementan a subvención. O primeiro pleno ordinario sería en xullo e estes expedientes teñen unha fase de publicidade e por iso se trae hoxe aquí. Se vostede detecta algún erro rógalle que o diga, porque pode ser que o haxa. Non obstante, xa dixo que se recuperaba algunha subvención e iso xa está falado coas sociedades correspondentes.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non sabe se é un erro ou non, observa que hai un cambio, así ao Camiñante este ano correspóndelle unha subvención de 10000 euros cando o ano pasado tiña 1000 euros.

A continuación intervén o alcalde que di que se trata dun erro aritmético.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que el non sabe si é así ou non e por iso pide que se retire o asunto para falalo con calma.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que este asunto tratouse na Comisión e este erro non foi detectado polo goberno, non obstante asumen o seu erro e admite que hai un cero demais pero dille que as comisións son os órganos competentes para tratar estes temas. Trátase dun erro aritmético.

A continuación intervén o alcalde que pide pór un pouco de sentido e pregunta que problema hai se feitas as subvencións nominativas pasado mañá unha sociedade non fai esa actividade. Non habería ningún problema e si se fose ao revés, si se fixera unha actividade sen orzamento. Se isto se deixa para a nova Corporación estas subvencións aprobaríanse en setembro, con moitas actividades feitas e as sociedades protestarían por non cobrar a tempo. Di que non ve ningún problema en deixar fixadas as subvencións segundo a programación actual, se mañá non se fai algunha actividade non pasaría nada, igual que tampouco pasou o ano pasado cando se esqueceron doutra actividade. Trátase de plasmar o que había o ano pasado cunha pequenas modificacións, que son as alzas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que logo de ver que a proposta ten erros que o goberno non detectou pediría revisar isto e traer isto posteriormente corrixido.

O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal socialista que pode facer unha emenda á proposta.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a emenda a fixo o voceiro do grupo municipal do BNG e non lle vai roubar a emenda. En calquera caso, logo de detectar un erro o prudente é corrixir isto.

O alcalde dille voceiro do grupo municipal socialista que antes da votación farase constar que existe un erro aritmético na subvención do Camiñante que ten un cero demais. Non se pode ser tan transcendente.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di ese cero supón 9000 euros e reitera que a responsabilidade é do goberno e que se non retira a proposta o seu partido absterase.

O alcalde agradécelle a abstención e dille ao voceiro do grupo municipal socialista que se vai continuar coa proposta e se modificará isto agora antes de votar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que dille á concelleira de Cultura respecto do dito de que se puido detectar na Comisión que non o detectaron e lémbrale que foi unha Comisión que tiña case que 400 folios.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que ninguén lle está votando en cara nada a ninguén.

O alcalde intervén para dicir que por responsabilidade coas sociedades non vai retirar o asunto da orde do día.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que logo de detectar un erro na proposta, neste mesmo momento fai unha modificación da súa proposta de xeito que onde dí: ACDR Liga de Amigos de Barallobre, Organización da Romaría ao Camiñante descoñecido 2015 en vez de ser 10000 euros debe dicir 1000 euros, manténdose igual o resto de subvencións. Así asume o erro da proposta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Proceder á modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014, prorrogado determinando as subvencións nominativas máis significativas a asociacións e entidades que fomentan actividades de utilidade pública ou interese social entre os veciños do concello neste exercicio 2015.

Como consecuencia da modificación citada, o Anexo I quedaría co seguinte contido:

RELACIÓN NOMINAL DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

1. Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/324/489.01, abonaranse, como máximo, as seguintes cantidades

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MÁXIMO	OBXECTO
-ANPA CEIP Centieiras (G15280647)	1.973,00	Mantemento comedor escolar, curso 2014-2015

2. Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/334/48900, abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MÁXIMO	OBXECTO
- A VV Magalofes (G15150410)	1.000,00	Organización festa do potro 2015
-AVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)	5.000,00	Organización festa da orella 2015
-Asociación Cultural Felicia (G15806037)	1000,00	Organización Felipop 2015
-CMI Unidade De Fene (G15040033)	4.000,00	Organización Premio Pérez

<p>-Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene (G15136690) - O Pote de Maniños (G15088453) - CRD O Pote Maniños (G15088453) -ACDR Liga de Amigos Barallobre (G15108574)</p>	<p>500,00 3000,00 1000.00</p>	<p>Parallé 2015 Organización xuntanza gaiteiros 2015 Organización festa ameixa 2015 Organización romaría do Pote 2015 Organización romaría o Camiñante descoñecido 2015</p>
--	---------------------------------------	--

3. Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/341/489.00 abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MÁXIMO	obxecto
- Club Escudería Scratch de Fene (G15984321)	2000,00 €	Organización Slalom Fene ,2015

4. Con cargo á aplicación orzamentaria 2015/231/489.00 abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MÁXIMO	obxecto
-Asociación de Pais de nenos con problemas psico-sociais ASPANES (G15036064) -Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (R1500053B)	2.500,00 € 8000,00 €	Mantemento e funcionamento asociación ano 2015 Actividades de interese social: reforzo persoais desfavorecidas do concello

2. Ordenar a publicación no BOP por prazo de quince días hábiles da modificación citada de maneira que durante dito prazo os interesados poidan examinar a documentación e presentar as reclamacións ante o Pleno. Para o caso de que non se houberan presentado reclamacións durante dito prazo, entenderase aprobado definitivamente a modificación, noutro caso o Pleno disporá do prazo dun mes para a súa resolución.

9. Aprobación, se procede, da aprobación do proxecto de obra "Campo de fútbol de césped artificial en O Pote, Maniños"

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada na Comisión de Urbanismo e Obras do 28.04.2015, que copiada di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Fene está inmerso na tramitación dunha subvención nominativa a conceder pola Deputación Provincial da Coruña.

Para a implementación de dita subvención elaborouse o proxecto técnico "Campo de fútbol de césped artificial en O Pote, Maniños" (RXE núm. 3999 de 17.04.2015), asinado por Francisco Barea Paz, enxeñeiro de camiños, canles e portos. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado favorablemente en data 22.04.2015.

Logo de ver o informe da secretaría municipal de data 22.04.2015 que conclúe: "Infórmase desfavorablemente a aprobación do PROXECTO DE "CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN "O POTE", MANIÑOS" en tanto non se obteñan as autorizacións sectoriais precisas. Obtidas as autorizacións sectoriais favorables, levantarase o carácter desfavorable deste informe."

Consta no expediente solicitude de autorización aos organismos Augas de Galicia (RXS nº 1441/ 23.04.2015) e ao Ministerio de Fomento/AESA (RXE nº 1442/23.04.2015).

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto "Campo de fútbol de césped artificial en O Pote, Maniños" (RXE núm 3999 de 17.04.2015), importe 380.101,23 euros

Fene, 22 de abril do 2015
O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o alcalde que di que a iniciativa da sociedade O Pote e da entidade cultural deportiva de Maniños se fixo a xestión na Deputación provincial da Coruña para a reserva dun crédito especial para dotar de céspede artificial ao campo de fútbol do Maniños. A reserva quedou feita no pasado pleno da Deputación e por iso traen a aprobación o proxecto cos informes técnicos e xurídicos, que precisan que son precisas algunhas autorización que xa foron solicitadas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di, como antecedente, que o seu partido no pasado ofreceulle esta posibilidade a diversas entidades de Fene e daquela a sociedade de Maniños non aceptou a proposta e si a aceptou Perlio, polo que se fixo o seu campo.

Incorpórase a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, cando son as 18.28 h.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, prosegue a dicir que neste momento Maniños está de acordo e ademais así o demanda e o seu partido non se oporá a isto. Outra cousa é como se levou este proceso ou aquel, e aí as discrepancias son notorias, así aquel proceso se levou con transparencia que se traduciu nunha iniciativa que se trasladou a todos os grupos, ás sociedades para saber si a aceptaban ou non e logo de ter unha proposta en positivo do Perlio se aprobou facer a obra, solicitar a subvención á Deputación e se executou. Este proceso non tivo nada que ver con aquel, este o levou en exclusiva o goberno sen contar nin dicir absolutamente nada, nun proceso no que todos deben ser copartícipes e os xeitos de traballo non se asemellan en nada. Estes procedementos que utiliza o goberno actual son todo o contrario do sentido común e do que a normalidade democrática debería marcar neste Concello. Non obstante, o partido socialista dada a importancia e a demanda da obra intentará superar este escollo da nefasta xestión deste proceso.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que dende o primeiro momento que o BNG coñeceu a idea pareceulle moi interesante porque é unha mellora e un salto de calidade moi importante nas instalacións. Cando comezaron preguntar sobre a situación do expediente se lle deron versións distintas por parte da directiva e do concello, e así o dixeron no seu momento. Na Comisión Informativa do 28 do mes pasado viron por primeira vez os informes e o expediente. Un destes informes é desfavorable, faltan as autorizacións preceptivas de Aena e Augas de Galicia. Naquela comisión o BNG e o resto da oposición se abstuvo para que saíse cara adiante porque todos queremos que se faga o proxecto e non sabe porque se dixo que o BNG estaba en contra disto. A súa postura vai ser a abstención, como sempre que hai informes desfavorables, para que poida saír adiante pero quere deixar claro que o traballo que se fixo non foi correcto, de feito os informes así o din.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que respecto do campo do Maniños leva case que dous anos pelexando con este asunto porque así llo propoñían dende o club deportivo. Preguntoulle ao alcalde nunha ocasión se sabía que de xeito extraoficial había uns cartos da deputación para o campo de fútbol e contestoulle que si, que algo sabía.

A continuación o alcalde dille que poña data á pregunta ao que a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, dille que hai máis dun ano. O alcalde contéstalle que é mentira.

Prosegue a dicir a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que lle dixo ao alcalde que si sabía algo disto, que tratase de mover algún fío para que eses cartos viñeran para Maniños, porque sabía que se estaban facendo xestións dende a parte deportiva do club. Di que lle

cabrea a sorpresa que hai uns meses atopáronse nun Pleno con que parte do traballo xa estaba feito, cando lles dicían que non había nada feito, que había que facer o proxecto e demais, para o que se remite ás actas. A súa sorpresa foi cando soubo que xa foran medir o campo. Isto delata moita falla de transparencia, supón que pola proximidade das eleccións e o goberno se tiña que colgar unha medalla. En calquera caso está totalmente de acordo co que se pensa facer no campo de fútbol, pensa que é necesario e que permitiralle a moitos nenos adestrar e xogar e por iso vai facilitar que se leve a cabo este proxecto, pero facendo fincapé no mal que se levou o asunto coa falla de información e de transparencia.

A continuación intervén o alcalde que lle contesta a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que efectivamente hai ano e medio algo se falou deste proxecto pero era con fondos europeos e non da deputación, pero os fondos europeos non apareceron por ningún sitio e o tema quedou á marxe. Como consecuencia de tratar de acadar unha subvención nominativa da deputación foi cando se comezou a falar coa Sociedade de Maniños, O Pote. Tal foi a escuridade que tivo o seu goberno que se convocaron dúas asembleas por parte da sociedade para facer a cesión dos terreos ao concello e así se fixo a cesión. Por outro lado non pretenderá que o concello encargue un proxecto sen ter a cesión dos terreos, así o primeiro paso foi falar coa sociedade para facer a cesión. Unha vez cedidos os terreos xestionouse a subvención na deputación que fixo a reserva de crédito. Respecto do escurantismo, dille a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que o proxecto entra polo rexistro municipal o 02.02.2015 e dende aquela está a disposición de todos os concelleiros para o poder consultar. Dille á oposición que ten acceso ao rexistro e que isto se lle informou cun plano que incluía os terreos que ían ser obxecto de cesión e os que non, xa hai moito tempo. Dende que entrou o proxecto non o consultou ninguén. Por outro lado dille á oposición que non lle puido achegar os informes porque o informe técnico urbanístico do enxeñeiro de camiños emitíuse o 22.04.2015 e o informe da Secretaría tamén é da mesma data. Ditos informes leváronse á comisión e informóuselles e aclara que o informe da Secretaría é semellante ao que se emite para as obras provinciais e engade que o informe é negativo mentres non se obteñan as autorizacións sectoriais precisas, que logo de obtelas, levantarase o carácter negativo do informe, o informe non é desfavorable é condicionado a obter as autorizacións, como vostedes xa saben porque así se aprobaron moitas obras así. As autorizacións xa están pedidas e o proxecto vai cara á deputación para ser aprobado polo Pleno da deputación, logo virán as autorizacións e se executará o proxecto como calquera outra obra. Por todo isto di que non houbo ningún escurantismo e as datas constan no expediente. Respecto da transparencia que el viu cando se fixo o campo de fútbol do Perlío cando estaba na oposición foi cero, incluso pediu o proxecto daqueles vestiarios que o PSOE deixou sen facer, que tiñan un cable tirado dende os vestiarios vellos e que costou 45000 euros arranxalo e levar luz aos vestiarios. Aquí está ben claro que a cesión non é onerosa para o Concello, e máis, o Maniños vai seguir facéndose cargo do custe do alumeadado e do mantemento do campo, cousa que no sucede no campo do Perlío, e isa é a diferenza da xestión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que dille ao alcalde que falou de dúas cousas totalmente diferente e sorpréndelle que coa súa formación confunda as dúas cousas.

A continuación o alcalde dille ao voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle repite que non está na alcaldía pola súa formación senón por ser veciño de Fene. O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, contéstalle que non pode limitar a súa liberdade de expresión e que se dirixirá ao alcalde co máximo respecto e fará referencia as súas actuacións como alcalde incluída a súa capacitación, como non pode ser doutro xeito. Dille ao alcalde que non ten autoridade para limitar a súa liberdade de expresión. É certo que hai dúas realidades diferentes. No goberno que o seu grupo encabezou falouse de facer un campo municipal, que é algo diferente disto, un campo con xestión municipal para uso e desfrute de todos os veciños e veciñas e por iso entende que os gastos deben ser asumidos polo Concello. Respecto das datas non é certo que vostede dese información e non é certo que porque o proxecto entre por rexistro estea a disposición da oposición, porque a cantidade de documentación que entra por rexistro é moi elevada e a oposición non pode ter que estar permanentemente no rexistro para saber que papel entra. O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que é a súa obriga. O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille que non é a súa obriga e que se o alcalde fose unha persoa democrata e de verdade quere ser transparente, cando hai proxectos de envergadura para o pobo, sobre todo proxectos que requiren que os aprobe o pleno onde ademais non ten votos necesarios para sacalos adiante, é facer corresponsables ao resto de organizacións políticas que representan aos cidadáns, igual que vostedes. As datas son incorrectas porque a

primeira información que lles deu foi hai pouco máis de 15 días na Xunta de voceiros, púxoselles o proxecto enriba da mesa e el pediulle o tipo de herba que se ía instalar. Dille ao alcalde que ocultou este proxecto e quixo acaparar todo o protagonismo, e a pesar disto os veciños de Maniños non se van quedar sen esta instalación que cualifica como importante, necesaria e pertinente. Parece mentira que aquí haxa catro grupos políticos e tres deles vexan a realidade dun xeito distinto a como a ve vostede, é moita casualidade.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non vai falar de datas pero pensa que o traballo non se fixo ben. Hai uns días comentáronlle que xa estaba todo listo e o seu grupo preguntou neste Pleno dende marzo e se lle contestou que non había nada feito. Por ter estas dúbidas foi cando comezaron a pedir distinta documentación porque pensan que está mal. O informe do 22.04.2015 salienta que está aínda pendente a dispoñibilidade dos terreos xa que se está a tramitar a cesión do uso do campo de titularidade privada; que consta o acordo de cesión do campo con carácter gratuito ao concello restando a aceptación da cesión por parte da Alcaldía, é dicir, que o que falta é traballo por facer da Alcaldía. Prosegue dicindo que o BNG descoñece o convenio de cesión e a súa condición e falla traballo por facer. Logo por non ter as condicións de cesións ben claras noutro campo do Perlío houbo e segue a haber problemas e hoxe que semella que todo está moi claro pode dar lugar a problemas futuros. Isto é ao que se refire cando di que está o traballo mal feito, fala de como pensa que se debía ter feito e non se fixo. A oposición non tivo esta información se non a solicitase porque ninguén lla facilitou.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que dille ao alcalde que é certo que nalgún momento lle falou de fondos europeos pero a primeira vez que lle preguntou por isto a súa contestación foi que iso só se podería facer con fondos europeos. A segunda vez que lle falou deste asunto díxolle que había unha partida da deputación que estaban dispostos a ceder a Fene. Vostede sabe que non discute polo que di un ou outro e non vén aquí contar mentiras ou a que a enganen. Dixo que o proxecto entrou no rexistro en febreiro pero aquí preguntóuselle no pleno de marzo e contestou que non había nada, está nas actas. Se a oposición non vai ao rexistro pero lle preguntan no Pleno, a súa obriga como alcalde é dicirlles que entrou por rexistro isto ou aquilo e logo xa é problema seu se o estudan ou non. É certo que a copia do plano a que fixo alusión lla facilitou hai pouco tempo nunha reunión no seu despacho, como moito hai tres semanas. O problema é que sabe que este proxecto vai saír adiante porque ninguén se vai opoñer. Gústalles que a xente sexa transparente e clara porque cando o goberno precisa da oposición, para algo que non está tan claro, como este campo de fútbol, daquela baixan as orellas, chámanlles con tempo e fálanse as cousas.

O alcalde preguntalle a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, cando llo dixo. A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, contéstalle que non lembra día e hora pero cando menos máis dun ano. O alcalde dille que non pode ser cando a cesión é de finais deste ano e a reserva de crédito da deputación é do Pleno de abril deste ano. Non puido dicir isto da deputación porque non existía.

O alcalde segue a dicir que cando dixo que todo estaba listo referiuse á cesión por parte do Pote de Maniños. A cesión entrou por rexistro e logo pasouse á Secretaría para que determine se a cesión é onerosa e é competencia do Pleno a aceptación da cesión porque se fose gratuita sería competencia do alcalde a súa aceptación. É certo que o Concello pagou o proxecto pero non se encargou ata que houbo dispoñibilidade dos terreos. Isto foi así, non houbo escurantismo nin nada, é a orde de como foron os feitos. Pensa que como goberno fixeron unha boa xestión.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal popular, Rocío Aurora Bértola Puente, que aclara en primeiro lugar que o campo do Maniños, cando se remate, será un campo municipal igual que o é o campo do Perlío, para uso dos veciños e veciñas de Fene. Lembra que o campo dos Pinares a comezo de 2010 xa estaba feito e ata que chegou este goberno só o utilizaba o Perlío, se fixo un calendario que ao mellor non lle gustou a todos pero coa mellor vontade previuse a entrada de todos os equipos de Fene e dalgúns que non son de fútbol. O campo do Maniños vai ser campo municipal igual que o dos Pinares coa diferenza de que nesta cesión si que se vai prever explicitamente unha prioridade de uso do Cultural Maniños, porque é como debe ser e é como se debeu facer cando se fixo a cesión do Perlío porque non lle quedaba ningún outro sitio para xogar e para adestrar. Outra cousa é que de feito se lle permitise a utilización exclusiva do campo, pero iso non consta por escrito. Ela ten boa memoria das datas e como espectadora de fútbol foi moito ao

campo do Pote e ten e tiña boa relación coa directiva e sempre lle dixeron que había necesidade doutro campo de herba artificial e ela sempre lle dixo que cos cartos dos orzamentos municipais xamais se poderá facer porque no concello hai outras necesidades que van por diante doutro campo de herba artificial. En decembro, a directiva do Cultural do Pote, que son os propietarios do campo, e a directiva do Cultural Maniños, o club de fútbol, convocaron unha reunión co alcalde e con ela para dicirlles que xa tomaran a decisión de ceder o campo para que no caso de que no futuro se fixera o campo de herba artificial e se lles dixo que cos cartos do orzamento municipal non se ía facer pero se aparecían cartos de subvencións doutras institucións se podería levar a cabo, no caso de que se concedesen. O alcalde naquela reunión comprometeuse a falar co presidente da Deputación. Poucos días antes do nadal o alcalde mantivo unha reunión co presidente da Deputación que lle dixo que se houbera remanente suficiente de tesourería se comprometía a darlle unha axuda para o campo, pero que de momento non se dixerá nada porque, daquela, aínda non estaba pechada a liquidación do ano. O alcalde volveu e non llo dixo nin a directiva do Pote nin a do Cultural. No mes de xaneiro foi cando lle din telefonicamente que si que había remanente e que se ía reservar para o campo de herba. Entón é cando se fixo a segunda reunión coa segunda cesión. No mes de marzo o alcalde díxolles aquí, cando só había unha conversa telefónica e nada escrito e lembra que todos foron testemuñas de que algún concelleiro dixo no pasado que lle dera a súa palabra o presidente da Deputación e logo non saír nada para adiante, díxolles que algo si que se sabía pero non hai nada escrito e que se ía encargar o proxecto porque había que valoralo. Os cartos para o campo de herba artificial do Maniños foron aprobados no Pleno da última semana de marzo e foi publicado no BOP. Neste momento é cando se converte nunha auténtica realidade. Respecto do escurantismo di que leva pouco en política, dende o 2007, e que na anterior lexislatura non houbo nin unha soa Xunta de Voceiros e con este goberno fixéronse todos os luns anteriores á realización do Pleno no que se lle deu conta de todo e na que a oposición puido preguntarlles calquera cousa na hora ou dúas horas que duran e no que se lle contestou todo o que preguntaron. O que vostedes teñen que ter claro é que o actual alcalde non ten a costume de saír nos xornais cando non ten unha realidade que se poida executar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que tanto o alcalde como a voceira do grupo municipal popular fixeron alusións a datas erróneas. O proxecto está feito de xaneiro e a cesión en febreiro do 2015. Insiste en que aínda que se vaia aprobar o proxecto o traballo non foi claro e de todo isto aínda non se sabe cal vai ser os custes. Non hai ningún convenio de cesión asinado e non se sabe quen vai pagar o IBI e non se sabe que vai ocorrer logo.

O alcalde preguntalle se eses problemas non teñen solución. A Deputación o único que pide é o proxecto e a dispoñibilidade dos terreos e iso é o único que se lle vai achegar. Agora non é o momento de discutir nada máis e pregunta que problema vai haber coa sociedade O Pote ou, sinala, ¿houbo algún problema con Perlío?.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille que si, que foi o goberno o que os sacou.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Aprobar o proxecto "Campo de fútbol de césped artificial en O Pote, Maniños" (RXE núm 3999 de 17.04.2015), importe 380.101,23 euros.

10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción conxunta en defensa do sector naval da ría de Ferrol

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día pola unanimidade dos concelleiros presentes, o alcalde dá dar lectura á seguinte moción conxunta de todos os grupos municipais:

"MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO DE FENE EN DEFENSA DO SECTOR NAVAL DA RÍA DE FERROL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O domingo 10 de maio está convocada unha nova mobilización en defensa do sector naval da Ría de Ferrol polos comités de empresa e os Delegados de persoal dos dous estaleiros. É unha continuación do camiño comezado hai máis de catro anos, con anteriores corporacións municipais, feito que manifesta claramente que esta demanda, arroupada en numerosas ocasións de xeito contundente por milleiros e milleiros de cidadáns da comarca, vai máis aló de partidismos nin procuras de vantaxes.

Mentres o goberno central e autonómico vende melloras no emprego, empeoraron todos os indicativos no ámbito laboral. Galicia segue superando os 250.000 desempregados e desempregadas, 130.000 deles sen cobertura algunha de subsidio ou prestación, o que supón unha taxa de desprotección do 53%, dous puntos máis que a xa bastante penosa taxa a nivel Estatal.

Pero o certo é que a comarca está nunha situación moito peor. Malia ter os mesmos males de fondo que Galicia e o resto do Estado: aplicación salvaxe da reforma laboral, 9 de cada 10 contratos de carácter eventual, máis precarios e o tempo máis reducido, familias con nenos a cargo que dependen unicamente da pensión dos avós, destrución do sector industrial e apuntalamento dun modelo económico abocado ao fracaso ..., a situación de Ferrolterra é peor porque o motor da economía da comarca, que segue sendo o sector naval, continúa non só anestesiado pola ineficacia de quen nos goberna senón que está poñéndose en serio risco de desaparición de xeito consciente e programado.

Eses falsos brotes verdes que se pretende vender a nivel estatal e galego non teñen xa cor en Ferrolterra, Eume e Ortegal, onde eses empregos precarios, parciais e discontinuos quedan tamén dous puntos por enriba da media galega.

De non activarse o motor de xeito real e inmediato, corre serio risco de gripar. ¿Cantas industrias do naval pecharon para non volver abrir? ¿Cantos operarios vense na obriga de marchar a Brasil, Uruguai ou ao norte de Europa?. A maioría, nin sequera teñen esa oportunidade, e moitos perderon o seu desemprego ou están en camiño diso.

Porque o motor non camiña con auga. Unha industria declarada estratéxica por todos aqueles que gobernaron e felicitada desde fai máis de tres séculos polos diferentes clientes: Armada Española, Australia, Noruega, Tailandia, países iberoamericanos, as mellores e máis importantes navieiras privadas? Hoxe é maltratada.

O que frea este motor económico, o sector naval, son as promesas incumplidas e os anuncios cínicos nunca materializados. Falouse por parte da Xunta de Galicia de remolcadores, quimiqueiros, dique flotante e petroleiros para Pemex. Por parte do goberno central o buque de acción marítima que non se empezou, o impulso á fragata F 110 que nunca chega e un nicho de mercado novidoso no eólico mariño da man de Iberdrola que tampouco aporta a día de hoxe emprego algún.

O único proxecto vivo é un flotel para o que se anunciaron miles de empregos na industria auxiliar. A día de hoxe 4 ó 5 centenares de traballadores/as é o máis que aporta este buque. Quizais os responsables políticos referíanse a miles de xornadas de traballo e non de contratos de traballadores, xa que o que si é certo é que aquela imaxe de fai décadas na que os terratenentes ou os caciques elixían na praza pública aos traballadores que poderían gañar o seu xornal é moi comparable coa imaxe que hoxe se vive na industria auxiliar do naval.

Non son cuestións illadas. Nin sequera teñen diferente orixe. Estas son as consecuencias dunhas políticas cheas de cinismo en torno ao sector naval público no Estado. Mentres se di apoiar un sector a estratéxico e xerador de emprego de calidade con condicións dignas conseguidas e pelexadas durante décadas no interior das fábricas estrangúlanse os estaleiros sen carga de traballo, centralízase a xestión nas mans de incompetentes, desvalorízanse as condicións laborais e económicas de todos os traballadores e traballadoras a niveis vergoñentos en calquera empresa pero inadmisibles nunha empresa do Estado, se anula a participación dos traballadores/as, dos cidadáns e ata das institucións municipal e autonómica, ou se ataca á parte social como recentemente con algún nomeamento no departamento de recursos humanos.

Mentres se di defender as reparacións e apoiar Ferrol como porto clave en Europa das liñas marítimas que sairán reforzadas da ampliación da canle de Panamá, o PP vota unha e outra vez en contra da construción dun dique para carenas na ría de Ferrol.

Mentres clamaba o PP dende fai anos contra o veto da construción naval convencional, agora en Fene impón un veto virtual pero igualmente mortal para as nosas capacidades.

Mentres din que están en contra de reconverter, se esvaen responsabilidades sobre Navantia en varios ministerios, pero co claro mandato de reestruturar ordenadamente as empresas dedicadas á defensa. Todo isto sen definir cuestións fundamentais a medio e longo prazo que consoliden a compañía e a posición de cara ao futuro: capitalización, carga de traballo, especialización, incorporación de mozos, compromiso co cumprimento nas condicións laborais, formación adecuada, investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, etc.

Faise imprescindible, polo tanto, arroxar luz sobre a incerteza que ameaza ao principal sector económico da Comarca. Hai quen pode e debe facelo e é o Partido Popular quen ten maiorías e competencias para iso dende a Deputación, a Xunta e o Goberno central.

Por todo isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Apoio da Corporación e chamamento á participación da cidadanía á mobilización convocada para o próximo 10 de Maio en defensa do sector naval da Ría de Ferrol.
2. Instar a declaración de Navantia como empresa estratéxica na comarca na construción naval civil e militar.
3. Participación da representación dos traballadores na discusión dun Plan Industrial que asegure a sustentabilidade da Compañía e o seu reforzamento a medio e logo prazo.
4. Esixencia da posta en marcha inmediata do proxecto de fragata F110, impulso do proxecto do Buque de Acción Marítima, construción dun dique para consolidar o futuro das reparacións, así como dotar a Navantia de carga de traballo no sector civil, agora eliminado o veto, e participación nos nicho das enerxías renovables.
5. Capitalización e posta en marcha dun Plan de investimentos e modernización dos estaleiros que potencie a Investigación e a innovación como elemento diferencial e que aporte o imprescindible valor engadido.
6. Rexuvenecemento do cadro de persoal para garantir a continuidade de todos os centros de traballo coa entrada de mocidade nas diversas actividades, sen que ilo signifique unha redución da capacidade nin do emprego.
7. Descentralización da toma de decisións especialmente nas áreas estratéxicas de enxeñería, compras, aprovisionamentos e comercial e desenvolvemento da Lei do naval de Galicia aprobada polo Parlamento Galego.
8. Compromiso de Navantia na vixiancia do cumprimento das condicións sociolaborais, especialmente na IIAA así como impulsar colaboracións para a formación da mocidade tanto de F.P. como de enxeñería.

Fene, 4 de maio de 2015
Rocío Aurora Bértoa Puente
Voceira do grupo municipal popular

Antón Lois Noceda Carballo
Voceiro do grupo municipal socialista

Juventino José Trigo Rey
Voceiro do grupo municipal do BNG

María Carmen Martínez Rodríguez
Voceira do grupo mixto municipal"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que se trata dunha moción consensuada e só intervirá se hai intervencións dos demais grupos políticos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Apoio da Corporación e chamamento á participación da cidadanía á mobilización convocada para o próximo 10 de Maio en defensa do sector naval da Ría de Ferrol.**

2. **Instar a declaración de Navantia como empresa estratéxica na comarca na construción naval civil e militar.**
3. **Participación da representación dos traballadores na discusión dun Plan Industrial que asegure a sustentabilidade da Compañía e o seu reforzamento a medio e logo prazo.**
4. **Esixencia da posta en marcha inmediata do proxecto de fragata F110, impulso do proxecto do Buque de Acción Marítima, construción dun dique para consolidar o futuro das reparacións, así como dotar a Navantia de carga de traballo no sector civil, agora eliminado o veto, e participación nos nicho das enerxías renovables.**
5. **Capitalización e posta en marcha dun Plan de investimentos e modernización dos estaleiros que potencie a Investigación e a innovación como elemento diferencial e que aporte o imprescindible valor engadido.**
6. **Rexuvenecemento do cadro de persoal para garantir a continuidade de todos os centros de traballo coa entrada de mocidade nas diversas actividades, sen que ilo signifique unha redución da capacidade nin do emprego.**
7. **Descentralización da toma de decisións especialmente nas áreas estratéxicas de enxeñería, compras, aprovisionamentos e comercial e desenvolvemento da Lei do naval de Galicia aprobada polo Parlamento Galego.**
8. **Compromiso de Navantia na vixilancia do cumprimento das condicións sociolaborais, especialmente na IIAA así como impulsar colaboracións para a formación da mocidade tanto de F.P. como de enxeñería.**

Abandona a sesión o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, cando son as 19.10 h.

11. Mocións urxentes

11.1 Moción do grupo municipal socialista instando ao goberno local a implantar e impulsar o servizo público de bicicletas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, xustifica a urxencia no feito de que este é o último Pleno da lexislatura e a última oportunidade para aprobar esta iniciativa. Sometida a votación a urxencia é aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes e incorpórase á orde do día:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene, a través do seu voceiro Antón Lois Noceda Carballo, conforme ao disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación a presente MOCIÓN INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A IMPLANTAR E IMPULSAR O SERVIZO PÚBLICO DE BICICLETAS, ó obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e debatida en base ás consideracións seguintes:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista cre e aposta por un modelo de Concello cun espazo público máis habitable e de calidade, complexo pola súa diversidade, compacta, eficiente e socialmente cohesionado. Para avanzar nese modelo, que supón dar prioridade ao cidadán, é necesarios facer un diagnóstico e establecer uns obxectivos e unhas liñas estratéxicas dende o punto de vista ambiental.

De resultas dese diagnóstico concluímos que se deben acadar varios obxectivos: a redución da dependencia do automóbil, o incremento dos medios alternativos de menor impacto ambiental, a recuperación da convivencia no espazo público, a reconstrución da proximidade como valor urbano, e a autonomía dos sectores sociais que non dispoñen de vehículo privado.

A bicicleta é actualmente unha das alternativas de transporte cara a modelos de mobilidade máis sostibles. A mellora da mobilidade nas cidades e vilas deben engadir actuación de promoción e incentivo do uso cotiá da bicicleta nos desprazamentos urbanos e no rural: unha infraestrutura axeitada de carrís bici seguros e conectados, accesibles a toda a cidadanía, aparcamentos e lugares

de estacionamento seguros para as bicicletas e o desenvolvemento de medidas complementarias que faciliten o uso das mesmas aos cidadáns, como servizo de bicicletas públicas.

O Concello de Fene conta con potencialidades para o uso da bicicletas, xa que o núcleo urbano e incluso unha parte importante da maioría das parroquias presentan unhas características morfolóxicas favorables, ao tratarse dun tecido que polas súas dimensións non xera longos desprazamentos internos e conta cunha orografía que permite circular en bicicletas na maior parte do seu viario.

Ademais, unha elevada porcentaxe dos desprazamentos que se realizan diariamente son inferiores a 5 km, o que supón un dos factores máis favorables ao uso da bicicleta como vehículo, por tratarse do modo porta a porta máis rápido para os traxectos inferiores a esta lonxitude e permite evitar as dificultades asociadas ao aparcamento.

Por todo elo, propoñemos como obxectivo consolidar unha rede de bicicletas e de carrís bici establecendo unha serie de eixos principais e percorridos que permita a máxima utilización da bicicleta como medio de transporte urbano, que permita e favoreza a mobilidade non só no propio Concello, senón tamén entre os Concellos que xa dispoñen do servizo e das infraestruturas axeitadas, como Ferrol e Narón que recentemente conveniaron un servizo compartido de préstamo de bicicletas.

O servizo de bicicletas deberá contar coa programación e planificación das estacións de préstamo de bicicletas necesarias e situadas estratexicamente para procurar un servizo público de calidade. Así como organizar o necesario para xestionar o servizo, aprobando unha normativa que o regule e mesmo unha páxina web que difunda ás súas potencialidades.

Reclamamos unha verdadeira política que potencie a bicicleta como unha máis das alternativas posibles para a mobilidade, que supere concepcións arraigadas nunha gran parte da cidadanía que sigue considerando a bicicleta como elemento de ocio e deporte, e non como una alternativa real de transporte para a mobilidade diaria.

Propoñemos unha iniciativa política clara a prol dunha mobilidade sostible, cun compromiso na promoción dos medios de transporte alternativo ao vehículo privado, consolidando unha rede de carrís para bicicletas, así como a progresiva ampliación do servizo tanto en número de vehículos como de estacións.

Tamén e necesario dotar ó Concello e en concreto a determinados puntos de referencia como colexios, biblioteca, instalacións deportivas, edificios municipais e todos os servizos públicos en xeral, de infraestruturas axeitadas de aparcamento de bicicletas co fin de crear unha verdadeira cultura da mobilidade sostible.

Por outra banda os "parcabcis" son algunhas das infraestruturas máis modestas, baratas e menos impactantes do mobiliario urbano, pero pese a súa modestia resultan fundamentais á hora de crear unha cultura da bicicleta, razón pola que consideramos prioritaria a inversión nestes equipamentos.

O anterior non pode ir illado da necesidade de situar na educación ambiental a bicicleta como recurso educativo e o seu uso como transporte para ir combatendo o actual abuso do automóvil que se da no noso Concello ó efectuar calquera tipo de desprazamento.

As campañas de concienciación que propoñemos deben ir dirixidas a un espectro amplo da sociedade co obxectivo de crear unha alternativa sostible e unha cultura da bicicleta para mellorar a habitabilidade do noso Concello e educar dende toda as perspectivas en hábitos saudables para doas as persoas.

Por todo o que estamos a expoñer solicitamos do Pleno do Concello de Fene a aprobación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Desenvolver un Plan de Mobilidade que contemple unha rede de carris-bici no Concello, que se extenda tato na zona urbana como rural.

SEGUNDO.- Implantación dun servizo público de préstamo de bicicletas que contemple a instalación de bases de bicicletas con criterios de accesibilidade, elaborando unha normativa reguladora do servizo e unha páxina web para ofrecer a maior información ás persoas usuarias. Así como a instalación de aparcamentos de bicicletas nas proximidades de todos os servizos públicos.

TERCEIRO.- Realización de campañas periódicas de educación ambiental, que fomenten a concienciación e promoción do uso do servizo público de bicicletas.

CUARTO.- Conquerir a financiación doutras administracións, nomeadamente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Consellería de Industria (a través do INEGA) para a implantación do servizo de préstamo de bicicletas e das infraestruturas necesarias, tanto no Concello coma na mancomunidade, establecendo ademais unha tarxeta cidadá única.

En Fene, a 6 de maio de 2015
Antón Lois Noceda Carballo
Voceiro do Grupo Municipal Socialista”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que é unha proposta de uso de medios de transporte alternativos que xa funcionan noutros concellos da comarca. Hai tempo que Ferrol ou Narón teñen estacións de aluguer de préstamo de bicicletas e desenvolven co apoio doutras institucións a promoción doutros medios de transporte non contaminante e a acondicionamento das infraestruturas de carrís bicis. Hai pouco tempo que Neda se sumou a esta iniciativa e pensa que Fene tamén o debe facer acadando así a posibilidade de dar toda a volta á rúa utilizando un servizo de préstamo. É consciente que o desenvolvemento dalgún equipamento que se pide ten un custe elevado, por iso solicitan que cuestións concretas como o desenvolvemento da rede galega de bicis, campañas de sensibilización e a súa promoción se faga progresivamente e logo de acadar o financiamento doutras administracións que teñen competencias desta materia, como é o caso da Xunta de Galicia.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que votarán a favor da moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que no seu programa electoral leva unha proposta case que igual polo que votará a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que votará a favor e felicítalle ao voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, porque é a primeira moción que presenta o seu grupo que non di que a culpa é do PP e que ten moi boas ideas.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Desenvolver un Plan de Mobilidade que contemple unha rede de carris-bici no Concello, que se estenda tato na zona urbana como rural.

2. Implantación dun servizo público de préstamo de bicicletas que contemple a instalación de bases de bicicletas con criterios de accesibilidade, elaborando unha normativa reguladora do servizo e unha páxina web para ofrecer a maior información ás persoas usuarias. Así como a instalación de aparcamentos de bicicletas nas proximidades de todos os servizos públicos.

3. Realización de campañas periódicas de educación ambiental, que fomenten a concienciación e promoción do uso do servizo público de bicicletas.

4. Conquerir a financiación doutras administracións, nomeadamente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Consellería de Industria (a través do INEGA) para a implantación do servizo de préstamo de bicicletas e das infraestruturas

necesarias, tanto no Concello coma na mancomunidade, establecendo ademais unha tarxeta cidadá única.

11.2 Moción do grupo municipal popular para modificar a Ordenanza fiscal núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles

O alcalde xustifica a urxencia por ser este o último Pleno ordinario da lexislatura. No seu momento a urxencia viña pola posibilidade de que o cemiterio de Silobre tivese unha contribución desorbitada. Sometida a votación a urxencia é aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes e incorpórase á orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA – MOCIÓN URXENTE

O 17.04.2015 preséntase no rexistro xeral de entrada do Concello de Fene escrito da sociedade de sanidade parroquial de Silobre no que mostra o seu interese en que se modifique a ordenanza fiscal núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles para introducir unha bonificación na cota íntegra do imposto.

A bonificación referida é a prevista no artigo 74.2. quáter do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais *“Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros”*.

Sendo de interese desta alcaldía introducir a bonificación que se propón e sendo o pleno o órgano competente para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais do concello, quérese coñecer o interese ou non do pleno do concello na introdución da dita bonificación na ordenanza fiscal núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles, polo que propónse a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á alcaldía a que elabore, recabe os informes preceptivos, e tramite, conforme á normativa vixente, a modificación da ordenanza fiscal núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles ós efectos de introducir a bonificación prevista no artigo 74.2. quáter do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais.

Fene, 6 de maio de 2015

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non pode estar máis de acordo coa cuestión de fondo que se formula porque pensa que debe ser unha proposta programática para desenvolver na vindeira lexislatura o tratamento fiscal específico para as entidades sociais, culturais ou deportivas que teñen instalacións de uso público. Entende que isto que propón agora o goberno é o primeiro paso para que este tipo de cuestións se poidan formular. Pensa que a proposta que se debería formular debía ser máis ampla da que se presente hoxe aquí porque a reforma das ordenanzas fiscais que se lle pediu ao goberno insistentemente durante esta lexislatura para adaptar todas as realidades que foron cambiando foron desoídas polo goberno e sorpréndelle que ao final da lexislatura chegue unha modificación dunha ordenanza por unha cuestión parcial, pero se ten que chegar ao final que o goberno se convenza de que é preciso variar as presións fiscais porque a realidade foi cambiando, benvido sexa.

Abandona a sesión a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, cando son as 19.15 h.

Continúa dicindo o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que é certo que lle parece oportunista e que isto pouco vai acelerar as cousas aprobar isto hoxe ou dentro dun mes pero aínda que sexa oportunista ou electoralista, o seu grupo, tanto para este como para outros casos, está de acordo co proposto, con que hai que miralo con amplitude de vistas, cun sentido

amplio que nun futuro haino que desenvolver na práctica co consenso de todas as forzas políticas da Corporación para camiñar a un sistema impositivo máis xusto e que dea un tratamento correcto a cada unha das especialidades que hai no concello. Por todo isto votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que levan catro anos pedindo que se actualicen as ordenanzas por detalles deste estilo. Neste caso aféctase a unha entidade concreta pero hai outras sociedades e persoas que poderían ter bonificacións fiscais. O BNG xa falou disto no 2013 cando se falou dun plan de reactivación económica. Di que xa teñen falado con moitas sociedades desta posibilidade e nesta última rolda de conversas coas sociedades xa lles informou que esta proposta ía no programa electoral do BNG. Que isto se faga agora por urxencia logo de que se leve pedindo catro anos é algo electoralista, pero a pesar disto votarán a favor e insiste, unha vez máis, que hai que actualizar as ordenanzas municipais.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a actualización das ordenanzas tamén vai no seu programa electoral e por iso votará a favor. En calquera caso quere insistir en que este tipo de asociacións debían estar totalmente exentos no IBI, así non entende que a igrexa non o pague e as asociacións si.

Seguidamente intervén o alcalde que di que xa ve que están todos de acordo pero quere matizar as cualificacións de electoralismo e oportunismo. Todos saben que logo dun proceso de regularización catastral, que adianta que o fixo o PP para que non o digan vostedes, levouse o valor do cemiterio de Sillobre a máis de 300000 euros o que implicaría un IBI duns 3000 euros. Cando a sociedade ve formular o problema ao concello o primeiro que fixo el foi recorrer a resolución do Catastro e por si acaso contemplar a posibilidade de darlle esta bonificación, por se o recurso non ía cara adiante, para non ter que pagar tanto, porque considera inxusto que os cemiterios parroquiais da igrexa católica estean exentos, igual que os propietarios que teñen nichos no cemiterio municipal. Di que máis que electoralista parécelle unha cuestión de xustiza. Como o recurso foi admitido non houbo necesidade de votar man disto porque a nova catalogación, o cemiterio ten unha catalogación de 38000 euros e o IBI pasará a ser uns 180 ou 200 euros e o problema está solucionado, pero retomando as súas palabras non deberían pagar nada por este concepto. Neste caso como non pode ser cero, farase unha bonificación do 95%. Dilles que logo da súa cualificación de oportunismo e electoralismo pode ser porque as súas mentes non están moi abertas, pero fixo o que en xustiza pensa que debía facer e coa explicación que lles deu pensa que iso non é así.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que dille ao alcalde que respecta moito as súas explicacións pero non pode evitar reiterarse. Se lle leva pedindo 4 anos que se modifiquen as ordenanzas fiscais por cuestións tan graves como que hai cidadáns que, debido á situación de crise económica e falla de ingresos, non teñen dereito a ningunha exención porque teñen un vehículo valorado en 400 ou 500 euros. Por cuestións como esta o seu goberno non quixo modificar as ordenanzas fiscais. Agora por unha petición concreta, que tamén lle parece razoable, no último mes da lexislatura si que é procedente. Isto non é que sexamos malpensados e que logo de 4 anos sen querer modificar as ordenanza agora cambien no último mes dálle para pensar que é oportunista. Non obstante, no fondo está de acordo. Invítao para que continúe o proceso para que o resto das modificacións necesarias se fagan consensuadamente para que este tipo de reformas se consoliden no tempo e sexan patrimonio de todos e todas, pensa que é fundamental que algunhas cousas as saiban defender todos e todas e non só cando lles entran as presas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que isto formulouse no 2013 e puido estar feito hai un ano e agora non habería este problema. A famosa regularización do PP fixo pagar ao 90% das persoas que recibiron a notificación e a inmensa maioría das persoas que recorreron lles deron a razón porque a regularización estaba mal feita. Neste concello debateuse especialmente nun pleno único e o Catastro admitiu que a regularización da maioría das fincas non se correspondía e que se tiña que ter feito doutro xeito e que a maioría dos veciños non tiñan que ter pagados os 60 euros nin os atrasos. Tamén pensa que isto non se moveu coa axilidade que tiña que ter movido daquela, senón agora a maioría dos veciños ou ben non terían que ter pagado ou as súas valoracións serían moito máis baixas do que van pagar de aquí cara adiante. Polo resto, como isto xa o leva pedindo hai moito tempo está a favor de que se aprobe a proposta. Respecto da urxencia cada un o ve como quere.

A continuación intervén o alcalde que lle contesta ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que non confunda regularización catastral con revisión catastral, regularización supón incorporar ao catastro aqueles inmobles que non pagaban e revalorizar é outra cousa, é darlle máis valor para pagar máis contribución. O que se fixo foi unha regularización. En canto á revisión das ordenanzas di que hai moita revisión que facer, e este grupo trouxo algunha vez algunha revisión ao Pleno e foi rexeitada, así no 2013, para o fomento do emprego se trouxo unha modificación para bonificar o ICIO, o IBI e o IAE e votouse en contra. Unha oposición responsable se ve que hai un goberno que non fai nada podería facer unha construción construtiva e instar, a través dunha moción, a que se modificase puntualmente ou na súa totalidade as ordenanzas fiscais e non o fixeron.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que é certo que houbo algunha intervención do goberno local que logo de negociar coa oposición durante 6 meses modificou as ordenanzas e ao final non aprobou o orzamento sobre o que se estaba negociando. Se vostedes cambian os acordos e fan o que lles dá a gana é lóxico que pensemos que non están "tomando o pelo". Non obstante di que as actas da Comisión Informativa de Facenda están aí para ver o que se propuxo en cada momento. Respecto do Catastro coméntalle que na regularización, a resposta do 90% das alegacións din que os inmobles non correspondería esa regularización porque están regulados noutro Real decreto e non no do fraude fiscal polo que o aplicaron, así o propio Catastro recoñece que está mal feito e está a devolver os cartos.

A continuación matízalle o alcalde ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que mal feito non está porque precisamente o cemiterio de Sillobre non estaba incorporado ao catastro, e como inmovible debe estar incorporado pero non pagar.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille que el dixo que era o 90%.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar á alcaldía a que elabore, recabe os informes preceptivos, e tramite, conforme á normativa vixente, a modificación da ordenanza fiscal núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles ós efectos de introducir a bonificación prevista no artigo 74.2. quáter do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais.

12. Rogos e preguntas

A continuación fai uso da palabra o Concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceiras, para contestar a unha pregunta feita polo grupo municipal do BNG. Respecto da pregunta polos vertidos no río Ba di que detectáronse dous vertidos, un na empresa Sedenton do polígono Vilar do Colo á que se lle estropeou a depuradora. Esta incidencia xa está arranxada. Outro punto de vertido, que segue habendo, por rotura dunha tubaría no lugar da rúa Unión. Esta segunda incidencia vaise reparar nas obras do POS que están próximas a súa licitación xa que só falta o permiso de Augas de Galicia. Respecto do muro da estrada da Palma no Penedo en Barallobre infórmalles que o que se está a facer é darlle continuidade as beirarrúas que van dende Perlío ata a Bodegas Barral.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga para que se contesten as preguntas que fixeron por escrito e que faltan por contestar. Algunhas incluso levan varios meses feitas pero sería bo que o goberno contestase todo o preguntado antes do comezo da vindeira lexislatura.

- ¿Ten o goberno constancia dalgunha novidade respecto dos depósitos do Sartego?. Os veciños lle dixeron que debían estar inutilizados e que volven ter auga polo que preguntan, ¿teñen risco? e ¿cales son as posibles solucións?.

Contéstalle o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que dille que tivo coñecemento disto polos veciños e comunicóuselle a Viaqua que inspeccionou os depósitos que no seu interior teñen dous ocos e un deles está cheo cuns 2000 m³. Xa se comezou a baleiralos e unha vez baleiros se poderá determinar porque se encheron cando debían estar inutilizados, xa que a última vez que se usaron foi en 1998 como consecuencia da ruptura da ponte das Pías polo Prestige.

- Na parroquia de Maniños recentemente o Concello instalou uns motores e un interfono no portal dun veciño. Non lle consta que estivese previsto nada. Logo de preguntar, lle dixeron que había algún acordo de vello que xustificaba o investimento agora. Por iso pregunta ¿que investimento se fixo e porque?

Contéstalle o alcalde que lle contestará unha vez verificado.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto da contestación sobre o muro quedou por saber se está fóra de ordenación ou se respecta a súa aliñación.

Contéstalle o alcalde que o muro leva aí toda a vida e non sabe se está fóra de ordenación. O concello non tocou o muro, fixo a beirarrúa que estaba sen facer. Ao mellor os problemas é porque quen vive nesa casa é unha persoa moi coñecida e tamén saben todos que aquela beirarrúa quedou sen facer.

- Roga que se balicen as praias de Limodre cando comece a tempada de verán. Xa se falou disto o ano pasado e os veciños teñen certa preocupación.

- Roga que se lle conteste sobre as altas no Catastro ata o 2014. A última vez que preguntaron foi no pleno de marzo pero a solicitude é de máis atrás.

- Pediron información dúas ou tres veces e comprometéronse a darlla por escrito, respecto dos terreos para a auga de Magalofes. Roga que lle faciliten dita información.

- Roga que se insista na limpeza e cortado de herba nos parques infantís.

- ¿Tomouse algunha medida respecto do accidente que houbo na pista de skate de San Valentín?
Contéstalle o alcalde que o escrito entrou onte no rexistro e llo entregaron hoxe. Haberá que ver como foi, porque como todos saben a pista está instalada, cando menos a metade, nunha finca privada. A reclamación a fixo o propietario desa finca e os técnicos a están estudando.

A voceira do grupo mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Non quere facer ningún rogo nin ningunha pregunta porque case todos os rogos foron para o concelleiro de Servizos e non lle fixo moito caso, así o que non fixo en catro anos non o vai facer en 15 días. Non obstante quere salientar que hai catro anos pediu a dirección única no camiño de Orra ao que o concelleiro díxolle que si, logo falou cuns veciños aos que non lle gustaba a idea e mudou de opinión, por iso comunícalle que antes de que esta Corporación pase a estar en funcións vai presentar un escrito asinado por 60 ou 70 veciños pedindo a dirección única no camiño de Orra.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que estes catro anos pasaron moi rápidos e que estivo moi contento de estar aquí. Di que houbo os seus máis e os seus menos, pero é o razoable pero logo de ver o que pasa noutros sitios pode considerar que en Fene son todos bastante civilizados. Dálle as grazas a todos os concelleiros porque lle resultou bastante doado moderar o pleno dende a presidencia e deséxalle sorte a todos nas eleccións. Conclúe dicindo que seguirán sendo veciños e seguirán véndose.

Ao non haber máis asuntos que tratar a presidencia declara rematado o acto ás 19.50 h, de todo o que como secretario accidental dou fe.



Dilixencia: acta aprobada en sesión de 10.06.2015

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García

C.I.F.: P-1503600-G